

EXERCICIOS RESOLTOS 1º ESO.

SEMANA DO 23-27 DE MARZO

1ª SESIÓN

Esperamos fixerades con moita atención a tarefa da primeira sesión semanal e que os vossos exercicios estean revisados e corrixidos.

2ª SESIÓN

Alumnado de 1º A

Lede as páx. 112-113 e facede os exercicios 1,2 e 3.

1. Resposta aberta.

O obxectivo principal da actividade é fixar os aspectos fundamentais da métrica e desenvolver a creatividade do/da alumno/a.

2. Identifica o tipo de estrofa destas composicións poéticas.

Camiño do tempo vello,
camiño do tempo novo:
pedra dos tempos sen tempo,
pedra dun ollar sen ollos.

Cuarteta

.....
Raiola de luar que bica o río,
flor mareliña que entre espiñas chora,
ou das redes da araña un tenue fío,
toda humilde beleza me namora.

Serventesio

.....
Está cativa a roseira,
Tercetiño mais, despois de tanto inverno...
Galicia ha ter primavera.

Tercetiño

.....
Ai, naiciña, non sei como lle chame
Quinteto ao martirio que sufro sendo cura
e ter que presenciar finxindo calma
como namentres uns morren de fame,
viven outros nadando na fartura!

Quinteto

3. Coloca as palabras que faltan onde for necesario para manter o esquema de rima e o sentido das estrofas.

Cando vos oio **tocar**,
campaniñas, campaniñas,
sin querer torno a **chorar**.
Cando de lonxe vos **oio**,
penso que por min **chamades**,
e das entrañas me **doio**.

Lugar máis fermoso
non houbo na **terra**
que aquel que eu miraba,
que aquel que me **dera**.
Lugar máis fermoso
non mundo **n'achara**
que aquel de Galicia.
Galicia **encantada**.

2ª SESIÓN

Alumnado de 1º B,C e D

Lede as páxinas 128-129 e facede os exercicios 1,2,3,4 e 5.

1. Xustifica a utilización dos dous puntos nestes enunciados.

- No festival de cinema proxectáronse varios filmes: comedias, dramas e algunha curtametraxe de ciencia ficción. ***Diante dunha enumeración.***
- Noutras palabras: todo saíu á perfección. ***Ante un comentario explicativo***
- E, de repente, ela exclamou: “Por fin somos libres!”. ***Antes dun discurso directo.***
- Todas as palabras esdrúxulas levan acento gráfico; por exemplo: rápido, célebre, lóstrego etc. ***Despois de expresións como por exemplo.***

2. Reescribe estas secuencias corrixindo os erros de puntuación.

- Podes vir, Carlos? Quero falar contigo urxentemente.
- A moza loira que vive no segundo dereito chámase Silvia.
- A xuíza dixo: “Garden silencio!”.
- Quen gañará o concurso? O alumnado de Primeiro A ou o de Primeiro B?

3. Explica o emprego dos puntos suspensivos en cada enunciado.

- Apañaron na horta cebolas, cabaciños, allos-porros... ***Enumeración aberta.***
- Non me digas que...? ***Idea inconclusa.***
- [...] Adolphe Sax aprendeu a perforar tubos de clarinete e frauta, e a tocalos [...] Como era moi enxeñoso, comezou por perfeccionar o clarinete engadindo pezas de cobre. Entón decatouse de que existía un espazo baleiro entre os instrumentos de corda, os de metal e os de madeira [...]. ***Supresión de fragmentos dun texto citado.***

4. Completa os deseños.

Resposta libre.

5. Coloca os signos de puntuación no texto.

Quen inventou as aspas?

Pois si, as aspas non existiron sempre. E os sinais de puntuación tampouco se utilizaron sempre. Así, na Idade Media, escribíanse ás veces as palabras sen ningunha separación nin puntuación. Un pouco difícil de ler, non? Porén, desde a antigüidade grega existían signos de puntuación e espazos para separar as palabras e as frases. Mais, como aínda non existía a imprenta, os libros escribíanos á man os frades, e cada un facía un pouco o que quería, utilizando a puntuación como lle petaba ou non utilizándoa en absoluto. E así aínda se cousa como se ían... Tras a invención da imprenta, en 1440, os impresores buscaron formas de facilitar a lectura. Co paso dos séculos foi mellorando a presentación das páxinas coa separación das palabras e dos capítulos, e a utilización cada vez máis rigorosa dos signos de puntuación: punto, vírgula, exclamación, interrogación...


3ª SESIÓN

Todos os grupos (A,B,C,D)

Esquema (páx. 132) Lede a teoría sobre os esquemas e facede a actividade nº 1

1. Le o seguinte texto e completa o esquema de frechas.

Esquema de frechas:



4ª SESIÓN

Todos os grupos (A,B,C,D) Voar é seguro (páx. 133)

Exercicios 1,2,3 e 4.

1. Procura no dicionario o significado dos seguintes adxectivos.

Preceptiva: que é obrigada por unha norma.

Aeronáuticas: relativas á ciencia e á técnica de construción e navegación de aparatos aéreos.

Cualificados: con formación especializada para realizar unha determinada labor.

Intensiva: que se realiza de forma intensa.

Sofisticados: coidados e refinados, con artificio.

2. Selecciona o sinónimo adecuado para as palabras da esquerda.

Azar -casualidade

Expedir -conceder

Aprehensión –escrúpulo

3. Procura en Internet tres vocábulos que fagan referencia a accións realizadas por avións.

Resposta libre, pero tres posibles respostas: *aterrar, despegar, voar*.

4. Escribe unha noticia relacionada cun dos tres aeroportos galegos.

Resposta libre.